

# A tradución como proxección de Galicia no exterior

JONATHAN DUNNE  
Small Stations Press

## **Resumo:**

Este artigo é o resultado dun estudo sobre a situación dos libros da literatura galega publicados en inglés. Son, polo menos, 32 libros galegos (títulos individuais e escolmas) publicados en inglés, principalmente no Reino Unido. Inténtase indagar en quen os publica e por que, e na cantidade de exemplares que se venderon. Sublíñase o feito de que son os editores quen deciden qué libro se vai publicar, e non os tradutores, e que os editores teñen interese sobre todo na boa literatura e moito menos na lingua en que foi escrita. Dáselle especial atención a algunhas das editoriais comerciais (Harvill Secker, Everyman, Arcadia, Shearsman Books e Planet) e non tanto ás editoriais universitarias ou pertencentes a organizacións culturais dentro de Galicia.

**Palabras clave:** Literatura, tradución, inglés, editorial, venda

## **Abstract:**

This is a study of the number of books of Galician literature published in English. There are at least 32 Galician books (single titles and anthologies) published in English, mainly in the United Kingdom. Who publishes them and why? How many copies have been sold? Emphasis is given to the fact that it is the publishers who decide which book is going to be published, and not the translators themselves. Also, editors are interested above all in good literature rather than the language in which it was written. Special attention is paid to some of the commercial publishers (Harvill Secker, Everyman, Arcadia, Shearsman Books and Planet) rather than to university presses or cultural institutions in Galicia.

**Key words:** Literature, translation, English, publishing, sales

**P**rimeiro quixera agradecerlle a Ana Luna a súa invitación a estar en Galicia e participar nesta mesa redonda e, ós membros da executiva da Asociación Internacional de Estudos Galegos, a organización deste congreso.

Son tradutor literario, o cal quere dicir que traduzo á miña lingua materna, o inglés, textos literarios: novelas, contos, literatura dramática, poesía. Está de moda falar do tradutor como escritor para así premiar o seu labor, para que non se infravalore. Non estou de acordo con isto. Para min, o escritor tamén é tradutor, traduce textos que pasan a través del nun lugar e nun tempo determinados, ideas que lle veñen, historias que escoitou, impresións que recibiu etc. De feito, a nosa existencia é a de sermos tradutores: recibimos a vida dos nosos pais e transferímoslles ós nosos fillos; recibimos comida da terra e osíxeno do aire, e traducímolos. Nada empeza nin acaba connosco, mesmo as nosas palabras. En canto recoñecemos isto, deixamos de manter que somos autores, deixamos de debuxar unha liña para dicir que este texto é meu, esta terra é miña, e a guerra xa non ten sentido (porque a guerra non é máis cá loita por unha liña e a liña pódese dicir que é o propio ego —en inglés, de feito, o ego é unha liña, *I*—). O tradutor, para negar a existencia desa liña, ten que vivir na propia liña, e co seu traballo, co seu transferir significado, risca a liña. Este é o gran paradoxo do que fala Cristo no Evanxeo («O que atope a súa vida perderaa, e o que perda a súa vida pola miña causa atoparaa»); porque en canto o tradutor risca a liña fai unha cruz que, ó mesmo tempo, é un signo de sumar.

Traduzo textos para as principais editoriais de Inglaterra e dos Estados Unidos: Random House, New Directions, Overlook Press, Shearsman Books, Europa Editions etc. Traduzo do castelán (autores como Enrique Vila-Matas e Alicia Giménez-Bartlett), do catalán (Carme Riera), do búlgaro (Iana Boukova, Tsvetanka Elenkova) e do galego (varios autores, como Manuel Rivas). Acabo de editar para Editorial Galaxia e Edicións Xerais a *Antoloxía da literatura galega 1196-1981*: cincuenta e cinco textos en edición bilingüe que dan unha historia da literatura galega dende a época medieval ata os nosos días, que ha saír en 2010. Teño editorial propia, Small Stations Press, que publica en inglés e en búlgaro, e acabamos de publicar unha escolma da poesía de Manuel Rivas en inglés, *From Unknown to Unknown* (en setembro de 2009 publicamos *O lapis do carpinteiro* en búlgaro).

Hoxe quixera falar das traducións da literatura galega que se publicaron en lingua inglesa. Se buscan en Internet, atoparán varias listas de traducións da literatura galega: unha que fixo o Consello da Cultura Galega en 2003 con traducións a distintos idiomas; outra que incluíu Olga Castro na súa intervención no Congreso sobre Plácido Castro e o seu Tempo (2005), con traducións ó inglés. Tamén existe a base de datos que ofrecen Ana Luna e as súas compañeiras da Universidade de Vigo, con traducións publicadas dende 1980. Na miña lista, que está en Internet (<<http://smallstations.com/galician.htm>>), inclúo só libros enteiros publicados en inglés —títulos individuais e escolmas—, porque non é o mesmo un texto solto publicado nunha revista ca unha novela de 200 páxinas. A miña lista é un traballo en curso. Espero engadir textos soltos e traducións do galego-portugués, pero ata o de agora son 32 libros da literatura galega publicados en inglés: 18 títulos individuais e 14 escolmas<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> O lector pode consultar a lista actualizada na páxina web <<http://smallstations.com/galician.htm>>.

Quen publicou estes libros e por que?

Catorce libros publicáronse no Reino Unido; seis en América do Norte; dous en Australia; un en Bulgaria e nove en Galicia e Madrid. É dicir, case a metade dos libros publicouse no Reino Unido.

Son 23 as editoriais que publicaron libros da literatura galega en inglés. Vou destacar cinco, que son editoriais británicas con miras comerciais: Harvill Secker, Everyman, Arcadia, Shearsman Books e Planet (en Gales).

Harvill Secker era unha editorial independente (Harvill Press) cando publicou catro títulos de Manuel Rivas en inglés, baixo a dirección de Christopher MacLehose. Agora forma parte do conglomerado Random House e, en febreiro de 2010, vai publicar un quinto título, *Os libros arden mal*. Non hai que subestimar o feito de que unha editorial do tamaño de Random House publique a tradución dunha novela galega de 700 páxinas. Isto ten que ver coa calidade da obra de Manuel Rivas, que fixo máis ca ninguén no eido literario para exportar a cultura galega: vendéronse 12.000 exemplares d'*O lapis do carpinteiro*; 4500 exemplares de *¿Que me queres, amor?* e 3800 exemplares de *En salvaxe compañía*, incluída a edición norteamericana da obra de Rivas, publicada por Overlook Press<sup>2</sup>.

Outra editorial importante é Everyman, parte do grupo Orion, que publicou *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro. Arcadia é unha editorial independente que publicou *Ollos de auga*, de Domingo Villar. Shearsman Books, en Exeter, fóra de Londres, publica poesía: editou dous títulos de Chus Pato e unha escolma de Rosalía de Castro. Finalmente, Planet, a editorial dunha revista galesa, publicou tres títulos: uns contos de Ferrín; *Cousas*, de Castelao e *Vento ferido*, de Carlos Casares.

Everyman vendeu máis de 2000 exemplares de *Merlín*; Arcadia vendeu 1400 exemplares de *Ollos de auga*; Planet, ata 350 exemplares de cada unha das súas publicacións e Shearsman, por ser poesía, menos de 100<sup>3</sup>. (Nótase unha diferenza importante con respecto a Rivas.)

As editoriais norteamericanas que publicaron libros da literatura galega son máis ben editoriais con miras académicas: Edwin Mellen e Peter Lang adoitan publicar monografías e teses. Estes publicaron unha escolma de contos editada por Kathleen March, *Bestiario dos descontentos*, de Miguel-Anxo Murado, e *A semellanza*, de María Xosé Queizán. (Imaxino

<sup>2</sup> Harvill Secker vendeu 7018 exemplares d'*O lapis do carpinteiro*, 3479 exemplares de *¿Que me queres, amor?*, 2786 exemplares de *En salvaxe compañía* e 1836 exemplares d'*A lingua das bolboretas* (os tres contos de *¿Que me queres, amor?*, dos que se fixo a película do mesmo nome). (Datos enviados por Briony Everroad nun correo electrónico, o día 4/7/2009). Overlook Press vendeu, aproximadamente, 5000 exemplares d'*O lapis do carpinteiro* e, aproximadamente, 1000 exemplares, tanto de *¿Que me queres, amor?* como de *En salvaxe compañía*. (Datos enviados por Meredith Kernan nun correo electrónico, o día 8/7/2009.)

<sup>3</sup> Everyman vendeu pouco máis de 2000 exemplares da edición rústica de *Merlín e familia* taxada en £5.99. (Información enviada por Kirsty Dunseath nun correo electrónico, o día 9/7/2009.) Arcadia vendeu 1400 exemplares de *Ollos de auga* nos formatos B e C do libro. (Información obtida nunha conversa telefónica con Daniela De Groote, o día 6/7/2009.) Helle Michelsen, de Planet, contestou (en correo electrónico, 6/7/2009): «Vendemos todos os exemplares de *Cousas* —creo que imprimimos 350 exemplares—. Vendemos dous centenares de *Vento ferido* (tirada 350) e dous centenares da escolma de Ferrín (tirada 500).» Shearsman vendeu 82 exemplares de *Charenton*; 22 exemplares de *m-Talá* e 95 exemplares da escolma de Rosalía, sen contar a edición canadense publicada por Buschek Books. (Datos enviados por Tony Frazer nun correo electrónico, o día 6/7/2009.)

que as vendas son baixas, especialmente dado o alto prezo que cobra Edwin Mellen polas súas publicacións —un libro son 80 euros—. A Universidade Estatal de Nova York publicou outra escolma da poesía de Rosalía e Puckerbrush Review, a revista da Universidade de Maine, publicou *De catro a catro*, de Manuel Antonio. Trafford, no Canadá, que publicou *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, é unha empresa que ofrece *print on demand* (impresión baixo demanda).

As outras editoriais que publicaron libros da literatura galega fóra de España son: Hamlet, a editorial do Departamento de Literatura, Cine e Estudos Teatrais da Universidade de Essex (publicou unha escolma da poesía galega do século XX editada por Jack Hill); Foreign Demand, unha editorial de Brighton, no Reino Unido, que publicou un só título, unha escolma de contos galegos contemporáneos; Bystander e Antípodas, en Australia, que publicaron *Xa vai o griffón no vento* e *Romasanta* de Alfredo Conde e Small Stations Press (a miña editorial) que publicou unha escolma da poesía de Manuel Rivas.

En España, Iberia publicou outro título de Álvaro Cunqueiro, *Xente de aquí e de acolá*. O Ministerio de Asuntos Exteriores, en Madrid, publicou outra escolma da poesía de Rosalía, a primeira da súa poesía galega, xa que foi no ano 1964, traducida por Charles David Ley. En Galicia vemos repetido o tipo de editoriais que acabo de mencionar: dúas comerciais, Edicións Xerais e Toxosoutos (publicou unha escolma da poesía galega recente e *Compostela*, de Pepe Carreiro); unha académica, a Universidade da Coruña (publicou poemas de tres autores galegos dos anos oitenta); a editorial de Kathleen March, Amaranta, que publicou *Arredor de si e*, finalmente, dúas organizacións literarias, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e o PEN Club de Galicia, que publicaron tres escolmas da literatura galega contemporánea.

Velaí están, 32 libros publicados por 23 editoriais dende o Reino Unido ata Australia e o Canadá. Coido que son tres os factores que inflúen na publicación de títulos galegos en inglés, e non se exclúen mutuamente: o contacto persoal, a calidade da obra, e a existencia de subvencións.

Moitas veces a publicación dun libro é froito dunha conversa, e o axente literario (todos os tradutores facemos, ás veces, de axente literario) ten que ser, primeiro, amigo da conversación. Son os editores (non os tradutores) os que deciden qué libro se vai publicar ou que texto se vai incluír. Así suceden as cousas neste mundo, non se pode facer nada en solitario, e isto ten que ver coa tradución, porque implica o outro. Ás veces, os tradutores resultan ser editores (é o caso de Roy Boland, en Australia, quen publicou un dos títulos de Alfredo Conde na revista Antípodas; de Kathleen March, nos Estados Unidos, quen publicou *Arredor de si*; de Xelís de Toro, no Reino Unido, de quen a editorial Foreign Demand publicou a escolma de contos; e o meu caso, coa escolma da poesía de Manuel Rivas), pero, normalmente, son dúas persoas.

Como os tradutores dificilmente vivimos do noso labor, moitos son académicos, e isto explica a publicación destes ou doutros títulos en revistas ou editoriais universitarias. Este é o caso da publicación de *De catro a catro* na revista da Universidade de Maine, onde John Burns era estudante de posgrao; ou da edición dos poemas de Rosalía que fixeron Aldaz, Gantt e Bromley na Universidade Estatal de Nova York; e da escolma da poesía galega do século XX que editou Jack Hill no Departamento de Literatura, Cine e Estudos Teatrais da Universidade de Essex, onde era profesor. Colin Smith, un grande humanista, xa traducira

*Merlín e familia* cando falou con Melveena McKendrick, a súa colega na Universidade de Cambridge, que resultaba ser asesora da serie *Literatura estranxeira en tradución* de Everyman.

Cando a principios dos anos noventa, John Barnie, o editor de Planet, decidiu dedicar un número da súa revista ás linguas minoritarias bretón, galego e danés (cunha subvención da Unión Europea), púxose en contacto con John Rutherford, que suxeriu a inclusión de Ferrín e Ramiro Fonte. Froito deste contacto foron os tres libros que se publicaron a continuación: os contos de Ferrín, *Cousas e Vento ferido* (os dous primeiros feitos cunha subvención da Xunta de Galicia).

Helle Michelsen, a actual editora de Planet, planea publicar un cuarto título, *A esmorga*, cunha subvención do PEN Clube de Galicia. (Cando lle preguntei polo seu interese en seguir publicando títulos da literatura galega, contestou: «Neste caso, trátase dun clásico galego, e coa subvención vainos custar moi pouco. Como encaixa coas nosas publicacións anteriores, podemos vendelas xuntas. E, sendo unha revista galesa, está todo o aspecto céltico.»)

Tony Frazer, o editor de Shearsman Books, publicou títulos de Chus Pato e Rosalía de Castro e ten planeado publicar outro volume de poesía, *Non son de aquí*, de María do Cebreiro, seguindo as indicacións dos propios tradutores, Erín Moure, Michael Smith e Helena Miguélez-Carballeira. Este editor comenta: «Non diría que teño especial interese na literatura galega de por si; máis ben, teño interese na boa poesía de calquera parte do mundo. Si que teño interese nas literaturas de Iberia e América Latina, así que o galego empeza con certa vantaxe.»

É moi importante resaltar o interese que teñen os editores na boa literatura, non tanto na lingua en que estea escrita. Daniela De Groote, a editora de Arcadia, publicou *Ollos de auga* porque lle gustara despois de lelo en castelán (ela é chilena), seguindo a indicación do axente literario Guillermo Schavelzon e do propio tradutor, Martin Schifino, que fixo a tradución dende o castelán, a petición do autor do libro, Domingo Villar. De Groote comentou que era máis difícil encargar a tradución do libro se non existía a tradución castelá, xa que en galego non ía poder lelo. Pasou o mesmo con *O lapis do carpinteiro*: o editor de Harvill Euan Cameron leuno en castelán antes de se decidir a mercar os dereitos. (É de agradecer que a tradución se fixo dende o galego.) En palabras de De Groote: «Non nos importa se é galego ou non, eliximos o libro, non a nacionalidade.»

Neste sentido, o mundo editorial foi máis alá das fronteiras e seica debemos facer o mesmo se queremos que a nosa cultura se traduza, sexa ou na lingua en que está escrita ou na lingua en que chega a outros lectores.